

Centros de asistencia e educación infantil

AS SUBAS ACORDADAS NAS TÁBOAS SALARIAIS PARA O 2008 SON INSUFICIENTES E PERXUDICAN ESPECIALMENTE AO PERSOAL COS SALARIOS MÁIS PRECARIOS

O pasado día 5 de marzo foron asinadas as Táboas Salariais para o 2008 dos Centros de Asistencia e Educación Infantil.

No acordo recóllese unha suba do 4,21% no 2008 en salario base e CPP para todas as categorías, agás os/as Educadores/as e Técnicos/as Superiores en Educación Infantil, a quen se lle subiría un 5% en todos os conceptos máis unha porcentaxe adicional ata achegarse ao obxectivo dos 800 € no 2008 e os 850 € no 2009, ano no que se lle subirá o IPC real do ano anterior ao resto das categorías.

A CIG-Ensino non asinou este acordo, pois sempre defendemos o criterio de subir para o persoal que gaña igual ou máis de 17.200 € (o salario medio en Galiza) o IPC real do ano anterior e incluír unha cláusula de revisión salarial que garanta a recuperación da diferenza no caso de que o IPC real ao final do ano sexa superior. Para todo aquel persoal que teña un salario anual inferior a esa cantidade (neste caso a maioría), demandamos subas que non estean nunca por baixo dos 750 € anuais.

Os salarios de todo o persoal deste sector xa son precarios dabondo como para aceptar propostas por debaixo desas demandas, polas seguintes razóns:

✍ A única suba que pode parecer razoable e que máis se aproxima ao que nós reclamamos é a que afecta

ás categorías de Educador/a e Técnico/a Superior en Ed. Infantil. Pero partimos duns salarios tan baixos e que estiveron estancados durante tantos anos que apenas se percibe esa porcentaxe (o incremento real é de 36,39 € mensuais en salario e 0,84 € en CPP. Tampouco é que sexa grande cousa).

✍ A suba para o resto do persoal do 4,21% parécenos unha burla e un uso perverso do que se contempla no art. 45 do X Convenio en vigor, e que di textualmente: "As organizacións asinantes comprométense a que o incremento retributivo, a partir do 1 de xaneiro do 2008 e do 2009, resultará por riba do IPC real do ano anterior (2007 e 2008, respectivamente)". Pois si, como non se concretou aplicaron eso polo mínimo que poideron: un 0,01% máis que o IPC.

✍ O menos aceptable para nós foi que non se quixera facer o mesmo esforzo que se fixo para esas dúas categorías co persoal dos grupos III e IV, que son poucos/as e xustamente os/as que teñen os salarios máis precarios, rozando o Salario Mínimo Interprofesional.

✍ Basta con comparar poñendo unhas ao lado das outras as táboas salariais do 2008 coas do 2007, e calqueira que saiba sumar verá o ridículas que resultan as cantidades incrementadas.



Os nosos locais

15706. Santiago. ☎ Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10 ☎ 981576800 fax. 981575839

15007. A Coruña

☎ Alfonso Molina s/n
☎ 981169810 fax. 981291735

36780. A Guarda

☎ Praza da Guía 3, baixo
☎ 986610465 fax. 986610465

36947. Cangas

☎ Atranco 19A, ench. 1
☎ 986302987 fax. 986302987

15403. Ferrol

☎ Eduardo Pondal 41-43,
☎ 981358750 fax. 981358760

27003. Lugo

☎ Rda da Muralla 58, bxo.
☎ 982245023 fax. 982253891

32003. Ourense

☎ P. de San Lázaro 12, 4ºD
☎ 988238350 fax. 988222855

36002. Pontevedra

☎ Pasantería 1, 2ºesq.
☎ 986861513 fax. 986855050

27700. Ribadeo

☎ Avda de Galicia 20, 1º
☎ 982129593 fax. 982129593

32600. Verín

☎ Pedro Gonzalez 5, 1º
☎ 988412345 fax. 988411013

36205. Vigo

☎ Gregorio Espino 47, bxo.
☎ 986827935 fax.986262844

36600. Vilagarcía

☎ Alexandre Bóveda 2, 2º
☎ 986505323 fax. 986505323

27850. Viveiro

☎ García Dóriga s/n
☎ 982561541 fax. 982551985

TÁBOAS SALARIAIS DE EDUCACIÓN INFANTIL

	SALARIO 2008	CPP 2008
GRUPO I		
Director Xerente	1,292, 68 €	27,50 €
Subdirector	1,292, 68 €	27,50 €
Director Pedagóxico	1,292, 68 €	27,50 €
Pedagogo	1,266.70 €	27,50 €
Psicólogo	1,266.70 €	27,50 €
Médico	1,266.70 €	27,50 €
Asistente Social	1,266.70 €	27,50 €
Outros	1,266.70 €	27,50 €
GRUPO II		
Mestre	1,276,06 €	28,02 €
Educador Infantil	768,39 €	20,79 €
Técnico Superior en E. Infantil	768,39 €	20,79 €
GRUPO III		
Técnico especialista	727,90 €	20,79 €
Asistente Social	690,91 €	18,18 €
GRUPO IV		
Persoal de cociña	653,16 €	15.58 €
Persoal de limpeza	653,16 €	15.58 €
Persoal de mantemento	653,16 €	15.58 €
Persoal de Servicios Xerais	653,16 €	15.58 €
Auxiliar	628,06 €	15.58 €
Administrativo	678. 13 €	15.58 €
OUTROS		
Contrato para a formación	SMI	

As Categorias profesionais de Técnico Superior de Educación Infantil e de Educador Infantil percibirán, a partir do mes de setembro de 2008, un complemento específico de 31,61€ mensuais.

No caso de aplicar os mesmos criterios que figuran no X Convenio para 2006 e 2007, o persoal de centros de obras sociais, propias de carácter docente sen fins lucrativos e Caixas de Aforros, así como o de empresas privadas que xestionen centros de titularidade pública tarían un punto adicional de suba sobre estas táboas salariais.